

Neda neorrealista

Narrativa Primeira incursión contística en libro do autor

Vicente Araguas, poeta, narrador, tradutor e comentarista literario, é persoa sobradamente coñecida nestes e noutros eidos da nosa industria cultural.

Como narrador publicou as novelas *Agora xa foi* (2000) e *A canción do verán* (2001), ás que agora suma o libro de relatos *Xuvia-Neda* (2010).

Esta nova entrega en prosa do escritor ofrece un conxunto de vinte e oito contos breves, que en raras ocasións exceden as tres ou catro planas e aínda nalgún caso están por baixo desta cifra. Son historias que por veces figuran dedicadas, sendo obxecto das dedicatorias dende directores de xornal (José Manuel Rey Novoa de *El Correo Gallego* ou Germán Castro do *Diario de Ferrol*) ata familiares (Rafael Araguas, Juan Daniel Araoz), pasando por algún político de sona (Xaime Bello).

Os títulos dos relatos condensan, e aínda anticipan ás veces, as tramas do narrado. Así, “Chegaba o Capi e unha parella facía o amor no faiado” ocúpase da cópula de dous personaxes na Ferrolterra da posguerra; “Dona con can” dunha muller madura que se ispe diante do espello do seu cuarto e inquire ao seu can sobre as súas beldades;

Xuvia-Neda ·
Vicente Araguas ·
Xerais, 2010 ·
128 páx · 15,80 euros



“Cousa máis rara” dos xogos aereo-defecantes e depositorios dalgúns rapazolos; “Perico en lúas” duns ovellos que pacen ao pé dun casal ollando o luar, etcétera.

O pano de fondo que parece presidir os relatos apuntaría a certo pouso (auto)biográfico ou, en todo caso, á (re)creación de vivencias impresionantes nos eidos natais do autor durante os tempos da posguerra, aínda que tamén se insiren contos ambientados en épocas anteriores (durante a guerra civil, por exemplo) e, ocasionalmente, posteriores (os anos setenta e a transición ou incluso o momento actual).

Dalgunha maneira podería dicirse que o protagonista último de todas estas historias é a propia Xuvia-Neda, as súas xentes e os seus tempos pasados—sobre todo pasados—e presentes. Neste sentido, *Xuvia-Neda* prosegue cunha liña creativa



Un cortado // Vari Caramés

que o autor transita dende hai ben tempo e que ten deixado a súa pegada en diferentes títulos de distintos xéneros, pero que talvez alcanza maior intensidade en obras como o poemario *Xuvia revisitada* (2008) ou as novelas *Agora xa foi* e *A canción do verán*, onde tamén aparecía como personaxe ese peculiar *alter ego* do escritor chamado Fandiño.

Araguas, por tanto, recuncou nesa visión de claroscuros dunha infancia e adolescencia nos tempos

complexos do franquismo, un mundo que, como os seus relatos poñen de relevo, acabou por formar unhas xeracións en que a pegada dun territorio de silencios e sombras marcou de xeito indeleble a todos.

Xuvia-Neda aposta polo relato curto en prosas que nalgún caso son case fotogramas e noutros pequenas curtametraxes literarias. Hai moito de neorrealismo *sui generis* nestas historias, cheas de luzadas e revelacións, mais tamén de

ironía e humor desmitificador. Xustamente por iso achegarse a *Xuvia-Neda*, primeira incursión contística en libro do autor, ha resultar un interesante exercicio para todos aqueles seguidores fieis do escritor ferrolterrán afincado en Madrid, quen propón aquí unha inmersión melancólica e descrida, a partes iguais, nun espazo e nunha época á que tanta agradecida querenza ten este fillo predilecto do seu concello natal. // Armando Requeixo